

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INFORMACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA E DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN EUROPEA, DESTINADOS Á XUVENTUDE GALEGA, NO EXERCICIO 2020

De conformidade co establecido nos artigos 47 e 48 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, a Consellería de Política Social formula a seguinte xustificación razoada para a realización dun convenio de colaboración coa Fundación Galicia Europa.

A Consellería de Política Social en virtude do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano competente da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

De conformidade co establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, no seu Título V e no Capítulo II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sobre a Rede Galega de Información Xuvenil, a dita rede terá como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil desenvólvense en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é a responsable da Rede Galega de Información Xuvenil, para a consecución dos obxectivos propostos no Título V do Decreto 50/2000 e no Capítulo II da Lei 6/2012, e considera esencial o apoio á realización por parte da Fundación Galicia Europa, das actividades que informen e asesoren á mocidade sobre as medidas europeas en materia de xuventude.

A Consellería de Política Social é consciente da importancia de establecer as vías necesarias para a realización das actividades de información, documentación e asesoramento ás demandas da xuventude galega, que demandan información sobre Europa, actividades que deben realizarse cunha



estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información Xuvenil.

A Fundación Galicia Europa, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, ten entre os seus obxectivos, contribuír á formación europea, tanto inicial como continua, dos/as mozos/as galegos/as e difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades.

Para a realización das actividades descritas de información e asesoramento á xuventude galega sobre temas relacionados con Europa, figura na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 unha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia Europa dentro da aplicación orzamentaria 13.05.313A.443.02, por un importe de 42.500 euros.

Polo exposto nos parágrafos anteriores e, para os efectos de dar trámite á referida axuda, a Consellería de Política Social considera conveniente subscribir un convenio de colaboración coa Fundación Galicia Europa, sen que sexa posible promover a concorrência pública dado o seu carácter nominativo.

Santiago de Compostela, a data de sinatura dixital

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

